

Eva García de la Torre
dimitiu como alcaldesa
de O Porriño

Páxina IV

Homenaxe en Mos á
subcampioa hípica
en España

Páxina IV

Zona Franca e Salceda
asinan plan estratéxico
empresarial

Páxina VII

Programación de "Tui, o
Camiño do Nadal"

Páxina IX

Eliseo Alonso, Fillo
Adoptivo da Guarda

Páxina XII

A Deputación outorga
máis dun millón €
a Tomiño para
obra municipal

Páxina XIII

PN0! entrega os
premios da IV Edición
de "As imaxes
do patrimonio"

Páxina XIV



Zona Franca de Vigo pon en marcha un plan estratéxico para impulsar a economía da provincia de Pontevedra

Entrevista



Antonio Lomba / Alcalde de A Guarda

"A obra máis importante é a
autovía Goián-Tui, pero a Xunta
non fai nada para axilizala"

Páxinas X e XI


**INMOBILIARIA
MERCAVENDA**
Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos


Telfs: 986 642 510 - 645 882 020
Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com


**GALICIA
NAÍSEÑO**
SAÚDE, SEGURIDADE E BENESTAR

Con moito entusiasmo e agarimo pensando en ti

Rúa Progreso, 34 - VIGO
Rúa de Oriente, 11 - PONTEAREAS
Teléf. 886 155 506

OPINIÓN

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Iberoamérica

Remata o 2021 e compre dar un repaso a un ano político e electoral intenso en América Latina, principalmente no mes de novembro. Pero esta clave está tamén enfocada na súa incidencia de cara á política exterior española, historicamente vinculada a un espazo iberoamericano onde cada vez máis ten menos capacidade de influencia

Comecemos por Chile. A primeira volta presidencial do pasado 21 de novembro parece retrotraer ao país a épocas aparentemente superadas. Chile debaterase nunha segunda volta entre un candidato (José Antonio Kast) que reivindica a Pinochet e o seu contrincante (Gabriel Boric), un es-querdista de 35 anos que recupera a figura de Allende. Novos tempos con vellas liortas.

Logo está Venezuela. Os venezolanos volveron ás urnas para comicios rexionais e municipais. Pero agora hai unha clave diferente: alén das críticas de cara ao seu sistema electoral, EEUU e unha Unión Europea encabezada (aquí si) pola presenza

española, enviaron observadores electorais. E tamén alén das controversias, Maduro volveu a gañar a partida política. Estamos ante un novo ciclo político en Venezuela? A experiencia da a entender que este país seguirá a ser noticia nos próximos tempos.

Cuba, sempre presente no noso imaxinario colectivo. Protestas e demandas de cambio que deixan entrever a necesidade urxente de dar un auténtico "golpe de timón", alén dos tópicos ideolóxicos e dos intereses que moitas veces intoxican a realidade. Cuba precisa de atoparse a si mesma, de reencontrarse a través dun diálogo que esixe o pluralismo onde non só estén representados os cubanos que viven na illa senón tamén aqueles que están no exilio.

Nicaragua tamén levou a cabo presidenciais que remataron nunha farsa electoral que reforza o poder da satrapía establecida desde 2006 polo matrimonio Ortega-Murillo. Foron outros os tempos do sandinismo que

espertou esperanzas de cambio. Hoxe impera un sistema de poder máis preto do "somo-cismo" que precisamente ese sandinismo pretendou derrubar definitivamente.

Tamén estiveron as eleccións lexislativas na Arxentina, que marcaron o paso dun novo equilibrio que definirá o curso político de cara ás presidenciais de 2023. O universo "peronista-kirchnerista" vese hoxe contestado por unha oposición en ascenso que busca recuperar espazos e forzas.


E finalmente México, "lindo e querido",

cumio do CELAC realizado en setembro pasado en Cidade de México. México non só mira ao veciño do Norte (EEUU) senón tamén aos seus "irmáns" do Sur.

En todo este intenso escenario de eleccións e pulsos políticos e históricos, España buscou navegar pero en augas turbulentas. Non marca o paso a política española, moitas veces mediatizada pola inmediatez da conxuntura política e dos intereses existentes. E non semella que isto vaia cambiar de cara ao 2022.

O próximo ano agárdannos citas electorais clave de carácter presidencial en Colombia e Brasil, onde volve Lula toda vez o país mide o pulso ao "trumpista" presidente Bolsonaro. E sería pertinente non esquecer que en novembro de 2022 hai lexislativas en EEUU, onde o voto hispano ten cada vez máis incidencia.

Iberoamérica está cambiando, pero non sabemos a ciencia certa se España está transitando á altura deses cambios.



que con López Obrador na presidencia aposta polo revisionismo histórico do pasado colonial español pero que tamén quere marcar as súas pautas de influencia a nivel hemisférico, como observamos no

Carta ao Director

¡¡¡"Oito (8) horas, oito" (8)!!!

Excmo. Sr. NÚÑEZ FEJÓO, Presidente e Ilmo. Sr. Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia:

Excelencias: ¡¡¡Oito (8) horas oito (8)!!!

Día 6 do mes de outubro. Seis da tarde (ou PM) se as súas Ilmas. o prefiren.

Chego acompañando a unha familiar doente oncolóxica, a ese "marabilloso", "funcional", "cómodo", "barato" e algo doente de megalomanía? centro médico-hospital-sanatorio chamado "Álvaro Cunqueiro". ¡¡Se el erguera a cabeza!!!!!!!!!!!!!!

A doente prefere non molestar ó Sergas solicitando o servizo dunha ambulancia. Prefire ir acompañada dun familiar, é máis humano. Este ó chegar ó centro, acompaña á doente ata a porta de urxencias e queda

na rúa; si na rúa, ó abrigo da boveda espacial (ou celestial se lles gusta máis) "desfrutando" do que a bóveda decida deixar caer sobre os que andamos debaixo: frío, calor, chuvia; porque, segundo o persoal sanitario, no interior de dese "humilde", "cómodo", "funcional"... edificio non existe un cuarto, unha sala, un cuberto, un algo con teito onde os acompañantes dos doentes (canstos ó día) se poidan protexer, acubillar do que a bóveda teña a ben deixar caer sobre eles durante a espera.

Podería ir para a cafetería, se está aberta; para o seu coche... E ¿se ningunha das dúas opcións son asequibles? para o/a acompañante.

Podería irse para a casa se reside preto.

E se reside lonxe? Porque cando deixa ó paciente-doente en urxencias, ninguén o informa sobre o tempo que van a tardar en practicarlle as probas pertinentes, a fin de que poida administrar a súa vida (o seu tempo), ata que lle digan se o enfermo queda ingresado ou pode regresar á súa casa.

Nos tempos que transcorren, fins do primeiro cuarto do século XXI, o acompañante dun enfermo: oito horas oito (de 19hs. día 6 ata 03hs. día 7, na que o informaron de que a doente quedaba ingresada), baixo o manto estelar, unha noite calquera dos trescentos sesenta e cinco días do ano.

Preguntar polo Sr. xerente do centro resulta inútil, pois o persoal preguntado limitase a dicir, con aspecto resignado: O xerente é un ser invisible, insinuando que

o máis eficaz é escribir unha carta ó director, porque a folia de reclamacións só produce efectos diplomáticos e gasto de cartos (dos que non andamos moi boiantes) ó erario público..

Pois aquí vai a miña Sr. Director. Fáganos o favor de a publicar por se temos sorte e surte os efectos que a persoa que ma suxeriu supón e nos tratan coma o que somos: persoas, seres humanos.

Gracias Sr. D. Abel Caballero, Alcalde de Vigo, por pór ó noso dispor un aparcamento gratuito, onde aparcas, anque só sexa o físico persoal, pois se un o "aparcas" no da Xunta igual ten que pagar. ¡¡Penoso!!

Excmo. Presidente: Non lle pedimos que nos baixe os impostos; só que non nos trate peor ca se trata, hoxendía, á maioría dos cans. Gracias.

Pedro Souto González - Tui.

FUCO PRADO



Por Manuel Estévez

Emilio e Pepe Flores, irmáns e gaiteiros

Dous rosaleiros exemplares, irmáns e gaiteiros, homes enraizados coas súas orixes, terra e veciñanza, Miranxe e O Rosal, vencellados ao punteiro, alambique, palleta, ensino, asociación, colexios e romarías.

Nomes significativos doutroa do triángulo Sur de Galicia, foran Manuel da Ventosela, Ulloa entre outros moitos que influirán na paixón de Emilio e Pepe Flores para cumprirse o soño e convertelo no seu modo de vivir. A gaita.

Hoxe forman parte da nómina de galegos ilustres de Galicia semellantes aqueles outros, o de Penalta ou Mourillóns, Manuel

Casto González ao que Curros Enríquez dedicou poemas. Da mesma familia que Faustino Santalices, Avelino Cachafeiro de Soutelo de Montes, Ricardo Emilio Portela Bouzas nado en Viascón, Xocas de Pazos de Borbén ou os herdeiros que hoxe espallan cultura polo mundo a través das palletas, sexan Carlos Nuñez, Budiño, Silvia Pato e mesmo Susana Seivane.

Ao calor do pote e cheiro a bagazo, Pepe en Novás, Emilio en Fornelos, repartiron tardes e noites, faladoiros ou transmisión de coñecementos do roncón que habían adquirido noutros tempos difíciles marcados pola Guerra Civil. A beira da serpentin con

rapazas e rapaces, iniciándose neste ambiente de sensacións aromáticas e do pentagrama, os mesmos que despois formarían Verde Arborea e máis tarde integrados na Agrupación Musical, con saudades tamén doutros nexos familiares e veciños que xa non están, que tanto tempo dedicaron por materializar o proxecto musical, mesmo dicir Francisco Flores ou Antonio Granja.

O nonaxenario Nemesio Castro de Martín, foi e segue sendo outro axitador tanto dos Muíños do Folón como para os músicos rosaleiros e igual que outra veciña de Novás, Marcola González, o Concello que preside Ánxela Fernández Callis, acaba de presentar dous libros e documentales do patrimonio inmaterial, convertindo ambos dous nos protagonistas ao mesmo tempo que o titulado "Os Irmáns Flores. Os Gaiteiros de Novás" da autoría de



Xerardo F. Santomé e Xosé Miguelez que recolle a cultura da gaitada en tempos máis dificultosos que agora e a traxectoria vital dos Flores. Un luxo.

Xosé González Martínez. Directivo da AFNLG

No Nadal, dos ditos aos feitos

Estamos nas portas do nadal. A partir de agora as grandes campañas publicitarias farán máis visibles as ofertas comerciais que se lles ofrecen aos consumidores que por estas datas son máis receptivos a elas. As canles de televisión emitirán anuncios en atractivos formatos pregoando augas de colonia e perfumes franceses, idioma que os máis dos telespectadores non entenden. Pero tanto lles ten. Velaí a maxia da publicidade ben feita: facer crible o imcomprensible.

Con menos limitacións de aforo que os anos pasados, os restaurantes volverán encherse para xantares e ceas de empresas con comensais de plurais ideas. Pero iso si, son moitos os que neses escenarios pónense afoutos e pronuncian hiperbólicos e líricos discursos de acendido patriotismo. Pero todo queda niso, en ritual floral. Porque os máis dos galegos gustan do autoflaxelo de guindaren pedras contra o seu propio tellado facendo alarde de escasa autoestima.

Podemos imaxinar sen dificultades os variopintos protagonistas e escenarios nos que se repiten tales cerimoniais confusas. Editores e escritores presentando novidades editoriais demandando do público máis lectores; sindicalistas participando en convocatorias reivindicativas co esixente apelo de "postos de traballo na Terra"; partidos políticos co marchamo

soberanista ou progresista, denunciando os desequilibrios territoriais pola falta dunha planificación axeitada; actores e actrices do teatro e audiovisual galegos pedindo asistencia aos seus espectáculos;



agrupacións musicais de todo tipo instando ás comisións de festas que os contraten; milleiros de delegados sindicais reivindicando melloras salariais e laborais; moitos centos de profesores de lingua galega transmitíndolles aos alumnos a defensa da nosa gran tradición literaria; e dirixentes veciñais e culturais demandando máis apoios económicos das institucións públicas para o desenvolvemento das súas actividades. Nunca tivera a nosa lingua tantos medios económicos, persoais

e valedores, e tan enxoiados resultados para a súa normalización. Paradoxos de difícil xustificación.

Teño participado como convidado en moitos destes actos convocado polos anteditos axentes sociais e institucións académicas. Despois de feitas as proclamas de rigor, os "pinchos e viños" que se ofrecen a continuación son a expresión

señal de identidade galega, a lingua. Repetiranse xantares e ceas arredor de mesas compartidas por familias que foron desprazándose das aldeas ás cidades na procura de novas oportunidades co insolidario comportamento, dun e máis doutros, dos que están e os que chegan, de deixaren ao pairo aos que nelas quedaron, familiares e amigos que manteñen no rural pequenas explotacións e industrias de elaboración de produtos excelentes malvivindo, cando non pechandoas por falta de consumidores.

O Foro E. Peinador- Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegoiros volve facer por estas datas o chamamento á solidariedade interterritorial para artellarmos un pensamento innovador e eficaz que dinamice a galeguización da economía ao tempo que a reforce. Cómprenos tecer unha rede de complicidades para espallar esta mensaxe facendo copartícipes desta acción a todos os galegos. A mellor maneira é a implicación nunha pedagogía socrática compartida na que todos teñamos parte activa na regaleguización transversal do país. A lingua precisa ampliar os usos na actividade económica para garantirmos a súa plena normalización. Os consumidores, sobre todo aqueles que deliberadamente manifestan galeguismo, teñen moitas responsabilidades na consecución deste obxectivo. A Terra pide pobo conscientemente galeguizado.



LOURIÑA

O PORRIÑO / MOS

Eva García de la Torre dimitiu como alcaldesa de O Porriño

Por Roberto Mansilla Blanco

Tras seis anos ao fronte da Corporación Municipal desde 2015, Eva García de la Torre dimitiu este 23 de novembro como alcaldesa de O Porriño, a fin de desbloquear a crise política municipal instalada trala decisión de EU-SON O Porriño de impulsar unha moción de censura na súa contra.

Nunha rolda de prensa realizada no Salón de Plenos da Corporación. García de la Torre anunciou que, se ben dimite como alcaldesa, manterá a súa acta de Concelleira: "eu non abdicó da miña responsabilidade política. Eu fun elixida por 2.663 votantes, o 25% do electorado de O Porriño". Considerou que "esta dimisión é un servizo que presto ao meu pobo, ao meu partido e ao meu equipo", que se marcha "en paz, sen odio nin rancor", pero cunha sensación de "amargura".

De acordo á lexislación vixente, trala dimisión de García de la Torre, o tenente de alcalde Pedro Pereira ocupou provisionalmente o cargo como alcalde en funcións ata a celebración dun novo pleno municipal que valide a dimisión



A ex alcaldesa Eva García de la Torre.

de García de la Torre e da convocatoria doutro pleno para a investidura. Neste sentido, Eva García de la Torre propuxo a Teresa Moure, Concelleira de Economía e Nº 2 na lista do PSdeG/PSOE porriñés como a súa aposta para ser elixida como nova alcaldesa.

Na súa despedida, García de la Torre lamentou o "debate político tóxico, infantil e destrutivo" instalado na política local porriñesa que buscaba "derrubarme" da Alcaldía. As súas críticas foron especialmente dirixidas a Alejandro Lorenzo, voceiro do Partido

Popular en O Porriño, e a Eva Solla, Coordinadora Nacional de Esquerda Unida. Destacou tamén que "o Concello queda con todos os servizos licitados e un remanente de tesourería de doce millóns de euros".

Reaccións do PP e EU-SON O Porriño

O voceiro do PP O Porriño, Alejandro Lorenzo, destacou que "nós actuamos con responsabilidade á hora de tentar reverter a crítica situación do Concello de O Porriño, cun goberno inestable no que a alcaldesa non contaba cos apoios suficientes. Por iso fixemos a proposta da moción de censura".

Pola súa banda, Patricia Sío, voceira de EU-SON O Porriño, expresou que "valoramos positivamente esta dimisión, lamentamos que chegue tan tarde, un ano despois" e que agora "ábrese un ciclo novo no Porriño" no que temos que traballar para superar a desidia na Corporación Municipal. Manifestou que a súa formación ponse "a disposición do PSdeG/PSOE para reunirmos e mirar o tema da investidura", sen dar "nada por sentado".

Goberno do Porriño rexeitou emendas do BNG aos Orzamentos do Estado

A dirección local do BNG do Porriño lamentou que tanto PSOE como Unidas Podemos rexeitaran a totalidade das emendas presentadas polo BNG aos Orzamentos do Estado.

Entre esas emendas, o BNG reclamaba soterrar o tren un

tramo de 600m entre o Paso a Nivel e o Paseo do Louro e así comunicar o casco urbano coa zona verde do Louro para gañar unha gran plataforma en superficie de uso público que eliminaría a barreira que hai entre o centro da vila e o río. Outras

emendas rexeitadas contemplaban importantes inversións para a eliminación da contaminación por lindano, para rexenerar o espazo natural das Gándaras ou para conectar o polígono residencial de Torneiros coa auto-
vía.

Homenaxe en Mos á subcampioa hípica en España

O Concello de Mos organizou unha recepción de homenaxe á mosense Yara Iglesias, do equipo da Federación Galega de Hípica, subcampioa de España do Campionato Interautonomías de Hípica e 8ª individual celebrado o pasado 30 de outubro, disputáronse en Sanlúcar de Barrameda (Cádiz). O acto contou coa presenza da alcaldesa mosense, Nidia Arévalo, José Areal, concelleiro de Deportes e demais membros da Corporación Municipal mosense.

Os outros representantes galegos conseguiron o 6º posto (Olivia Gómez con "Viriato"), 8º posto (Yara Iglesias con "Apolo") e 19º (Alejandro Brandariz con



Yara Iglesias.

"Vetonia"). Ao mesmo tempo, o cabalo "Apolo JG" montado por Yara Iglesias, conseguiu o 4º posto no Campionato de España de Cabalos Novos.

Para máis información visiten www.novasdeturonio.com

II Fase Amateur Libre de Patinaxe Artística en Mos

O Pavillón Óscar Pereiro de Mos acolleu a II Fase Amateur Libre do Galego de Patinaxe Artística, na que Sara Fernández, do Club Rosaleira, obtivo o ouro na cate-

goría xuvenil.

Nesta II Fase participaron un total de 75 patinadores e patinadoras de entre 13 e 20 anos de idade pertencentes a 30 clubes de patinaxe de toda Galicia.

XVII edición das Xornadas Micolóxicas en Mos

Este 20 de novembro celebrouse con gran éxito a Gran Degustación da XVII Edición das Xornadas Micolóxicas e Forestais do Concello de Mos que tivo lugar na contorna do Pazo de Mos cunha enorme afluencia de público. Con anterioridade celebráronse igualmente charlas e

conferencias sobre micoloxía, mercado micolóxico e a actuación de Xoan Curiel e Charo Pita co espectáculo "Canta miña pedra, canta".

Participaron nesta edición a Adegas da Tía Carmen, Miro Pereira, Bar Restaurante Curuxeira, Casiña da Tía Albina e Tapería A Cova da Santa.

NOVAS de TURONIO

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com
Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldes, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

MULLERES EN ACCIÓN

violencia zero



Ovo erectus. Performance de Alba Soto. Fotografía realizada en Dhaka (Bangladesh) por NoaHer Roman

www.depo.gal



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030



LOURIÑA

SALCEDA DE CASELAS

Zona Franca e Salceda asinan plan estratéxico empresarial

O Consorcio da Zona Franca porá en marcha o desenvolvemento dun plan estratéxico para Salceda de Caselas e a súa comarca, que analizará o tecido empresarial coa proposta de medidas que impulsen o emprego e a súa economía, ademais de contribuir a unha mellora da competitividade da comarca.

O delegado do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, David Regades, asinou coa alcaldesa de Salceda de Caselas, Verónica Tourón, o acordo que realizará a análise e permitirá unha mellora de decisións á hora de impulsar o crecemento económico e a competitividade municipal a longo prazo.

Dentro deste acordo inclúese un exhaustivo diagnóstico territorial, os obxectivos estratéxicos e unha guía con actuacións específicas, claras e realistas para a mellora da competitividade económica e a calidade de vida de toda a contorna.



A alcaldesa Verónica Tourón e o Delegado da Zona Franca, David Regades.

O plan terá tres grandes momentos, un de estudo, que xa se inicia agora mesmo, para analizar as fortalezas e debilidades da economía de Salceda e de toda a provincia de Pontevedra; o segundo, de traballo cos axentes socioeconómicos, concellos e grupos de desenvolvemento local, con mesas de traballo por toda a provincia; e o terceiro de conclusións sobre os retos e liñas de actuación. O

plan estruturouse en sete fases: diagnóstico estratéxico, workshops, estudio de casos de éxito, liñas estratéxicas, plan operativo, propostas de colaboración e monitorización para o seu cumprimento.

Para a consecución dos obxectivos previstos, as partes acordaron constituír un grupo de traballo que facilite a avaliación e o progreso do proxecto ao longo do tempo.

PSdeG de Salceda presentou emendas aos Orzamentos da Xunta

Socialistas de Salceda realizou un total de doce emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia, ao considerar que continúa sendo un Concello esquecido nas contas autonómicas.

Destacan servizos sociais básicos como a atención á infancia e axuda a conciliación das familias traballadoras, a necesidade dun novo colexio de primaria, un patio

coverto no CEP Altamira ou un novo comedor escolar, a ampliación do IES Pedras Rubias, o centro de día e o saneamento en parroquias como Entenza e Soutelo.

No referente ás infraestruturas, seguen sen atender peticións como a rotonda da Lagoela, a urbanización da zona de Taberna-nova en Soutelo e incluso a iluminación da estrada autonómica PO 510.

Solidariedade cos afectados polo volcán da Palma

Agrupación de Protección Civil de Salceda e o Concello organizaron unha recollida de produtos de hixiene persoal o pasado mes de outubro, para axudar na medida do posible a paliar as necesidades que están a sufrir as preto de 7.000 persoas desprazadas dos seus fogares debido as consecuencias do desastre natural do

volcán da Illa de Palma.

A recollida foi solicitada pola Agrupación de Protección Civil de Los Llanos de Aridane a todas as agrupacións de protección civil de España. A veciñanza de Salceda coma sempre respondeu coa súa solidariedade habitual, acadándose uns 500 quilos de produtos de hixiene persoal.



PLATOS TÍPICOS GALLEGOS

MARISCADAS PARA LLEVAR



Santa Brígida, 1
28004 MADRID
Tel. 91 521 98 54
Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com



SALCEDA DE CASELAS

Firme aposta pola igualdade e contra a violencia de xénero en Salceda

A Concellaría de Igualdade que dirixe a tenente de alcaldesa, Loli Castiñeira, está a desenvolver numerosas iniciativas que se ven intensificadas estes días por mor da celebración do Día da eliminación da violencia de xénero o vindeiro 25 de novembro.

Deste xeito, dende o Concello púxose en marcha o programa Diana, dotado con máis de 7.000 €, que permitiu levar a cabo actividades como a charla-simposio que M^a Xosé Queizán ofreceu por mor do día internacional contra a trata que se celebra o 29 de setembro, o concurso de curtas e o taller audiovisual que impartirá a directora Marta Piñeiro no IES Pedras Rubias no mes de decembro ou o concurso de fotografía con temática da violencia de xénero organizado para conmemorar o 25 de novembro.

Salceda participa tamén nas actividades que leva a cabo o GDR Condado Paradanta, como a andaina solidaria "O rural contra a violencia de xénero" que se celebrou o pasado 13 de novembro, ou a charla "As mulleres nos medios de comunicación" impartida pola xornalista de Si Radio Eva Míguez no CEP Altamira o pasado 22 de novembro.

Por outra banda, a alcaldesa Verónica Tourón e Loli Castiñeira, acudiron tamén ao acto de Violencia Zero organizado pola Deputación de Pontevedra o pasado 19 de novembro.



Para conmemorar o 25 de novembro, dende a Concellaría de Igualdade preparáronse diferentes iniciativas como son a colocación de pancartas e cartelería, a participación un ano máis na campaña "En Negro contra a violencia de xénero", a iluminación da fachada do Concello de cor morada durante toda a semana, a difusión dun vídeo sobre a igualdade nas redes sociais do Concello ou a emisión todos os días ás 21.00 de cancións cun especial simbolismo de loita contra a violencia. "Matriarcas", de Guadi Galego; "Tempestades de Sal" de Sés e "Mártires" de Xoana son as cancións escollidas que soarán polo fío musical. Todos estes actos completaranse coa concentración que se celebrará na Praza do Concello o propio 25 de novembro ás 17 horas na que se lerá un manifesto.

Loli Castiñeira, Concelleira de Igualdade: "As administracións públicas temos que seguir a facer un esforzo importante por visibilizar un grave problema como é o da violencia de xénero, no que as mulleres seguen a ser castigadas polo simple feito de ser muller. A sociedade está cada día máis concienciada coa situación, e o obxectivo ten que ser sen dúbida algunha a tolerancia cero ante este tipo de agresións. Por nós non vai quedar".

Verónica Tourón, Alcaldesa de Salceda de Caselas: "A igualdade é transversal e debe ser unha bandeira de vida, desde as administracións temos a obriga de darlle a máxima visibilización e defender cada día os dereitos das mulleres que están a sufrir ataques constantes. Debemos ser exemplo para as futuras xeracións"

Salceda terá novo un Programa Integrado de Emprego

O Concello de Salceda de Caselas ven de recibir unha subvención de 250.000 € da Xunta de Galicia para poñer en práctica un novo Programa Integrado de Emprego de Galicia que beneficiará a 100 persoas desempregadas.

O programa acollerá persoas desempregadas con diferentes perfís e nivel de cualificación, que teñen que estar anotadas na oficina de emprego. A formación agrupase en tres itinerarios formativos: un sociosanitario; un de almacén e transporte; e un de industria. O Concello de Salceda conta co Centro de Desenvolvemento Local O Torrón para levar a cabo este tipo de programas



Verónica Tourón, alcaldesa de Salceda.

Segundo explicou a alcaldesa, "no anterior programa integrado executado en Salceda acadouse unha inserción de case un 60% e estou segura de que se cumprirá o obxectivo de novo".

Salceda solicita 1 millón e medio de euros ao IDAE para o cambio de luminarias en todas as parroquias

O Concello de Salceda de Caselas ven de solicitar unha subvención ao IDAE (Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía) para o cambio de todas as luminarias do concello por importe de 1.435.031,82€, a cargo dos fondos europeos do programa de rexeneración e reto demográfico do plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Con este cambio, que abarcaría 2.778 puntos de luz en todo o municipio, completárase o proceso iniciado hai uns meses, cando se

procedeu ao cambio das luminarias do núcleo urbano por parte da Concellaría de Servizos Municipais, dirixida por Miguel González. Coa substitución das vellas luminarias de sodio polas modernas de LED, acadaríase unha redución do consumo enerxético do 70%, así como unha redución das emisións de CO2 á atmosfera.

A solicitude feita enmárcase dentro da medida 4 do programa DUS 5000, que procura a loita contra a contaminación lumínica, alumeados eficientes e intelixentes, Smart Rural e TIC.

ALOMobi
tu tienda de telefonía

MULTIOPERADOR · REPARACIONES
SEGUROS · MULTISERVICIOS

Tarifas y telefonos LOW COST

C/DARID BUGALLAL,5A PONTEAREAS
Telf.: 886 160 565 olitalo@gmail.com

La Inmaculada
Colexio Plurilingüe

Educación Infantil
Primaria e ESO
Aula matinal e comedor

Telf: 986 640 065. PONTEAREAS. www.colexiolainmaculada.com

BAIXO MIÑO

TUI

Carmela Silva en Tui

“Con 48 millóns €, o Baixo Miño ten os maiores investimentos da súa historia”

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, realizou durante un almorzo informativo celebrado no Parador de Tui un balance da súa xestión que desde 2015 mantén ao fronte desta administración provincial, en materia de investimentos para a comarca do Baixo Miño.

“Con 48 millóns de euros, o Baixo Miño ten os maiores investimentos da súa historia grazas á Deputación de Pontevedra”, enfatizou Silva, recoñecendo tamén o labor “do goberno central de Pedro Sánchez” en materia de ingresos pola vía de impostos que permitiron fortalecer estes investimentos.

Toda vez, Silva considerou que esta aposta por “un cambio radical e transformador” permite



tamén á Deputación de Pontevedra “ser unha referencia a nivel de España”, destacando os investimentos en diversas materias como fomento da igualdade de xénero, valorización do patrimonio histórico e cultural, turismo, infraestruturas, servizos

sociais, impulso da Axenda 2030, deportes, mobilidade sostible, emprego, emprendemento e promoción dos selos de calidade “nos que a provincia de Pontevedra é líder a nivel español, con 900.000 selos”.

Aprobación inicial da ordenanza da Zona Azul Gratuíta

No pleno ordinario da corporación municipal de Tui do 25 de novembro aprobouse inicialmente a ordenanza reguladora do estacionamento con horario limitado gratuíta (zona azul gratuíta).

O texto da ordenanza expónse ao público por un prazo de 30

días, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, aos efectos de que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións que consideren oportunas, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. De pre-

sentarse reclamacións en prazo, resolveranse expresamente polo Pleno da Corporación.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado polas persoas que teñan a condición de interesadas na páxina web do Concello de Tui e na súa sede electrónica: <https://concellotui.se/delectronica.gal/board>.

Máis de 200 persoas na Marcha Ciclista contra a Violencia de Xénero

Duascentas persoas inscribíronse para participar o domingo pasado na Marcha Ciclista contra a Violencia de Xénero 2021 organizada polo Concello de Tui dentro dos actos conmemorativos do 25N.

A saída foi ás 12h dende o Paseo da Corredoira tras a lectura dun manifesto. A marcha tivo un percorrido de 7 quilómetros, de dificultade doada, que dende o Paseo da Corredoira, foi pola Avenida da Concordia, rúa Lou-

reiro, Veiga do Louro, praia de Areeiros, Veiga do Louro, rúa Palláns, rúa Calzada, Coengo Valiño, Alameda de San Domingos, Xardíns de Troncoso, Paseo Álvarez Blázquez regresando ao Paseo da Corredoira. A tudense Noelia Solleiro interpretou un tema, creado durante a pandemia xunto a Ángel Paz, contra a violencia de xénero. Colaboraron nesta actividade o Club Ciclista Locos por las Bicis, Protección Civil de Tui e a Cruz Vermella Portuguesa

Xuntanza da Mesa do Camiño en Tui

A Mesa Local do Camiño reuniuse o pasado 16 de novembro na Casa do Concello de Tui, nunha xuntanza presidida polo alcalde, Enrique Cabaleiro, e na que participaron os representantes dos distintos sectores – aloxamentos, restauración, servizos aos peregrinos, igrexa e movemento asociativo xacobeo – que

forman parte da Mesa.

Tamén estivo presente un representante de Turismo de Galicia, neste caso Ildefonso de la Campa, director de Administración do Xacobeo. O obxectivo foi avaliar a situación actual e as perspectivas no ámbito do Camiño de Santiago e a peregrinación, un sector estratéxico na localidade.

Mercadiño de Libros Solidarios

A Biblioteca Pública Municipal de Tui organizará entre o sábado 4 e o xoves 23 de decembro un Mercadiño Solidario de Libros, en colaboración co departamento de Servizos Sociais do Concello de Tui.

A condición para acceder a este mercadiño é a entrega dun lote de produtos de Nadal que estarán

destinados ás familias atendidas polos Servizos Sociais municipais. Os libros ofertados son de temática moi ampla e variada, dende novelas, libros infantís e xuvenís, libros de coñecementos, de non ficción, incluso algunhas obras de consulta. Neste ano 2021 triplicáase a oferta deste mercadiño solidario, tanto en espazo coma en exemplares.



Programación de “Tui, o Camiño do Nadal”

O acendido da iluminación de Nadal e a inauguración do Mercado de Nadal marcaron o inicio do programa previsto no que de novo o Camiño de Santiago Portugués, do que Tui é a porta de entrada en Galicia, conduce esta oferta de lecer, na que a aposta polo local e pola economía circular volve a estar moi presente.

A primeira proposta musical chegará o sábado 11, de decembro ao Teatro Municipal de Tui co concerto “A historia da luz” da man de Mistura Vocal. O xoves 16 de decembro, tamén no Teatro será o alumnado e profesorado do Conservatorio quen interprete o seu tradicional con-

certo de Nadal. O venres 17 chega “Un conto de Nadal: 100 anos de verbena galega”; na que participarán La Oca Band xunto a Noelia Solleiro, Blas Piñón de “Paris de Noia”, Lito Garrido de “Panorama”, Jota Santana, Ángel América ou Marta Valiño.

As tres corais de Tui, do Centro Sociocomunitario, Ponte da Febes e San Telmo, ofrecerán un concerto no Teatro Municipal o xoves, 23 de decembro. Mentres o concerto de Fin de Ano, o xoves 30 correrá a cargo da Banda de Música Popular de Tui.

Coma novidade incorporase á programación unha San Silvestre Popular que terá lugar o venres 31 ás 12 h cun circuito urbano



non competitivo. Tamén o día 31 está prevista a vista do Apalador no Paseo da Corredoira. Ao longo destas festas haberá pasarrúas a cargo dos grupos folclóricos e bandas de gaitas das asociacións culturais tuden-ses, na medida en que as condicións meteorolóxicas e sanitarias o permitan.

Inaugurado o Mercado de Nadal no Paseo da Corredoira

A maxia do Nadal xa chegou ao Paseo da Corredoira de Tui co Mercado de Nadal organizado polo Concello de Tui. Abrirá cada xornada de 11 a 14 h e de 17 a 21h entre o 3 e o 12 de decembro. Máis de 20 expositores, a mei-

rande parte de Tui, ofrecerán produtos de alimentación gourmet, xunto a elaboracións artesanais de xoiería, madeira, téxtil, coiro, xoguetes, ... e non faltarán os elementos de decoración para estas datas.

O Mercado de Nadal ten tamén

o seu espazo solidario coa participación das organizacións sen ánimo de lucro como a Cooperativa Escolar do CEIP nº1, a Protectora de animais Aloia, o Club de patinaxe RIBEX, o Voluntariado da Caridade de Tui e a Asociación Vontade.

Os alumnos de Tui coñecen o Plan de Compostaxe Municipal

O novo Centro de Compostaxe Comunitaria, ao carón do Mercado Municipal de Abastos, foi o escenario o 25 de novembro dunha actividade do Plan de Compostaxe Municipal co alumnado dos centros educativos para coñecer a súa

utilización e resolver as dúbidas que poidan ter sobre a compostaxe. A iniciativa contou tamén cun posto informativo e actividades de sensibilización encadradas na XIII Semana Europea da Redución de Resíduos celebrada do 20 ao 28 de novembro.

Exposición fotográfica “Chiaroscuro” de Antonio Fortuna

O próximo mércores, 1 de decembro, ás 18.30 h inaugurarase no anexo da Sala de Exposicións Municipal a mostra fotográfica “Chiaroscuro” de Antonio Fortuna, de Valença. A exposición poderá visitarse até o 8 de xaneiro no edificio Francisco Sánchez – Área Panorámica.

Como sinala o propio autor desta colección “Estes retratos non foron influenciados por Da Vinci, Caravaggio ou Rembrandt como podía referir, senón por fotografías contemporáneas como Vladimir Polischuk, Pepe Castro ou Fontana Vaprio. Non son retratos formais preparados, pen-



sados ou ensaiados senón a simplificación da obtención da fotografía de rúa, case inmediata.

BAÑO DEPOT
TU TIENDA LOW COST
EN CERÁMICA Y BAÑO

PRECIOS BAJOS
TODO EL AÑO

San Roque, 18, A Guarda
Tel.: 986 611 343
Mail: info@banodepot.es
www.banodepot.es

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Entrevista por Juan Louzán

Antonio Lomba / Alcalde de A Guarda

"A obra máis importante é a autovía Goián-Tui, pero a Xunta non fai nada para axilizala"

Portase ben a Xunta co Baixo Miño e en concreto coa Guarda?

Resulta evidente que a Xunta marxina a nosa comarca en moitos ámbitos. A obra máis importante para dinamizar o Baixo Miño fixar poboación e crear emprego é a autovía Goián-Tui, pero a Xunta non fai nada para axilizala. Levamos esperando por esta estrada dende 2004, pronto se cumprirán 20 anos de atraso.

En canto A Guarda temos moitas queixas que dar, sentimos falta de apoio e implicación en obras e servizos estratéxicos para a vila, para mellorar a calidade de vida da veciñanza: néganse a cofinanciar o acceso sur ao porto da Guarda. Seguimos cos problemas na Sani-

dade, Prohiben subir coches ao Ferri por defectos da plataforma pero nona reparan. etc.

E a Deputación?

Dende que Carmela Silva é a presidenta da Deputación e implantou o sistema coñecido como "plan concellos" para a redistribución dos fondos provinciais estamos satisfeitos os alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas. A Deputación transfire os fondos aos concellos segundo criterios obxectivos respectando a autonomía municipal. Non se pode pedir máis. Ben, pedimos que a Xunta aplique un criterio similar, pero se o fixera deixaría de ser a Xunta do PP.

Non é a primeira vez que escoi-

tamos o Sr. Carrero, portavoz do PP na Guarda, cuestionar a súa lexitimidade como alcalde. Que ten que dicir a estas acusacións?

Ao portavoz do PP non lle gusta a democracia representativa, supoño que o problema é ese e non outro. Xa llo teño repetido en moitas ocasións: eu fun investido alcalde con 10 votos, el non tiña máis que 6, por iso non é alcalde. Por si fora pouco o ano pasado démoslle a oportunidade dun cambio, presentando unha cuestión de confianza vinculada a aprobación do orzamento. Ao final o orzamento foi aprobado e Antonio Lomba segue sendo alcalde. Así son as matemáticas e



a democracia.

Considera un error da esquerda local a ruptura do pacto de goberno?

Creo que de habermos entendido mellor, poñendo por enriba de todo a Guarda e os intereses da veciñanza, cedendo o necesario para gobernar xuntos, agora teríamos de gobernar con 10 concelleiros que representaría moi ben o resultado saído das urnas en 2019.

Que plans ten vostede para o seu futuro?

Esta é unha pregunta trampa. Se me está a falar das próximas eleccións diríalle que falta ano e medio para que se celebren, aínda que algún partido parece que xa está en precampaña. De momento estou no día a día, cun traballo e proxectos apaixonantes para o meu equipo, para min e para a Guarda. Non traballamos pensando nas próximas eleccións. Algúns

GASTRO - TABERNA
Cocina Gallega

As' Pedriñas Novas
Madrid

felices pascuas

Lista

Madrid - Ortega y Gasset, 66 · Telf.: 914 014 445

A GUARDA

dos proxectos que estamos empezando a desenvolver dilataranse no tempo e tocaralle a outros rematalos, pero temos claro que a nosa obriga e traballar polo futuro da veciñanza guardesa.

Non vou a adiantar máis. Todo ten o seu momento.

Que infraestruturas considera vostede urxentes para o futuro desenrolo na Guarda?

Como xa lle comentei con anterioridade a obra máis importante na actualidade eu considero que é a autovía Goián-Tui. Pero ademais desta infraestrutura tamén considero estratéxicas para o desenvolvemento da Guarda o acceso sur do porto, a senda de circunvalación ao monte Tegra, a reforma e ampliación do pavillón, necesitamos un auditorio, por suposto chan empresarial, e para o futuro do porto da Guarda, tanto para a pesca como para a náutica deportiva, é necesario construír o dique sur do porto.

Acaba de publicarse que a Deputación participará con máis de 609.672 € na reforma do pavillón, un proxecto cun orzamento de 1.674 023 €. Contará esta obra con financiamento da Xunta?

Eu espero que a Xunta colabore nunha infraestrutura deportiva que, como xa ten manifestado, considera necesario que se mellore. Esta obra é un compromiso elec-

toral do Grupo Municipal Socialista, xa se empezou a traballar nela na anterior lexislatura e a Xunta é coñecedora do proxecto. Teremos un pavillón que aumentará lixeiramente o seu aforo será totalmente accesible e cumprirá todos os requisitos de seguridade esixibles a unha instalación deste tipo. Habilitaranse zonas de paso e acceso as gradas regulamentarias, construíranse vestiarios e baños accesibles crearase unha nova grada e un corredor de acceso dende a zona superior.

Como valora a situación laboral en IKF coa maioría dos seus traballadores en folga dende o 14 de outubro?

Cada vez estou máis preocupado por este tema. O meu desexo é que se resolva en breve. Estou preocupado polas familias que están en folga pero tamén me preocupa a fábrica, o centro de traballo. Esta é unha das empresas máis grandes e antigas do concello, todo un símbolo para a comarca.

Que está pasando co ferri a Camiña?

O ferri está tendo moitos problemas. Xa os tiña antes da pandemia e dende que parou polo peche de fronteiras estes agudizáronse. Aos problemas de dragado que condicionaba o seu funcionamento ás mareas engadiuse o deterioro da plataforma de em-



barque. Portos de Galicia prohibiu o embarque de vehículos e, aínda que lle solicitamos dende o concello a reparación desta plataforma, de momento nin a reparou nin respondeu. Portos está facendo abandono das súas funcións ao non acometer a reparación do peirao para que faga a función para que foi construído.

Están resoltos os problemas de dotación de persoal para o centro de Saúde?

Por desgracia a situación lonxe de mellorar empeora por momentos. Co recente resultado do concurso de traslados parece que se agudizan os problemas de falta de médicos no centro de saúde da Guarda. Outro dos ámbitos nos que a Xunta nos ten abandonados.

Que ten que dicir as críticas a Praza de Abastos do BNG?

Creo que é un discurso artificial. Temos motivos para estar orgullosos da nosa praza porque sabemos que está funcionando ben. A reformas que se levan feito eran necesarias e téñena mellorado moito. Os praceiros que actualmente desenvolven alí o seu negocio lévano facendo durante moitos anos, algúns durante varias xeracións e iso quere dicir que os negocios marchan. O reto para o futuro é conseguir que a xente máis nova se achegue máis a praza, e iso é algo que temos que conseguir entre todos, praceiros e concello.

O máis importante non é ter unha praza bonita senón unha

praza que funcione, na que se facture moito. Pero aínda así, para o ano que ven, cando se execute a última fase da reforma da praza, esperamos ter unha praza bonita e que facture moito.

Pronto se sacarán a licitación novos postos da praza, esperamos que se adxudiquen, consideramos que será unha boa oportunidade para quen queira poñer alí un negocio.

Para rematar. Que é o que máis lle preocupa do futuro da Guarda?

Preocúpanme cuestións que xa fun comentando nas respostas anteriores e que de forma transversal están presentes en todos aqueles proxectos que afrontamos dende o concello. Queremos ter unha sanidade pública de calidade, preocupámonos a falta de oportunidades que hai na Guarda para que a xente nova poida emprender aquí o seu proxecto de vida. É necesario mellorar as comunicacións por estrada porque isto tamén pode axudarnos a fixar poboación ou facilitar que se implanten empresas aquí, para o que tamén necesitamos chan empresarial.

Dende o concello tamén nos preocupa dar os mellores servizos públicos e facilitar a conciliación familiar. En definitiva dar oportunidades de futuro a xente moza e mellorar calidade de vida de toda a cidadanía.



Ubicación
O'Caldiño
C/ Lasca, 74
28001 - Madrid -España

Contacto
(+34) 91 575 70 14
(+34) 91 575 14 48
contacto@ocaldino.com

SERRANO

Restaurante O'Caldiño

Cocina tradicional gallega: carnes, pescados y mariscos de Galicia.

"Vive un momento único en el que cada bocado te transportará a Galicia"



¡Felices fiestas a nuestros clientes y amigos!



www.ocaldino.com

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Eliseo Alonso, Fillo Adoptivo da Guarda

O pasado 27 de novembro, nun Pleno Extraordinario, nomeouse ao escritor Eliseo Alonso (Goñán, 1924 – La Habana, 1996) como Fillo Adoptivo do Concello da Guarda.

Os familiares e achegados presentes recibiron unha copia do seu libro “Gamelas e Mariñeiros”, traducido ao galego por Ramón Quiroga e editado pola Deputación de Pontevedra. Os familiares de Eliseo Alonso: Carmen Rivas, Alicia Alonso Rivas e Enma Alonso, recibiron agasallos coma unha gamela conmemorativa en bronce, un diploma, un enteiro postal filatélico e ramos de flores.



De seguido procedeuse á inauguración de dúas exposicións, unha filatélica e outra titulada “Eliseo Alonso: Camiñando cara ao mar da Guarda”, que estarán na Casa dos Alonso ata o xoves 9 de decembro.

Os actos de homenaxe continuaron no Paseo Marítimo do

Porto da Guarda onde tivo lugar a descuberta dunha escultura adicada a Eliseo Alonso, unha peza en pedra elaborada por Manuel Coia Piñeiro da Escola de Cantería da Deputación de Pontevedra, un acto que contou coa presenza de Carmela Silva, Presidenta da Deputación.

Subvención para a reforma do Pavillón da Sangriña

O voceiro do BNG, Anxo Baz, celebrou que se conseguira a subvención para a reforma do Pavillón da Sangriña, unha necesidade apoiada polo Bloque en plenos municipais. Toda vez, o BNG tamén criticou

o “escurantismo” co que fora elaborado o proxecto e a “falta de participación das entidades deportivas”, así como a insuficiencia desta subvención xa “que falta máis dun millón de euros para poder executar a obra”.

A Guarda, galardoada no certame Vilas en Flor 2021



A concelleira Montserrat Magallanes e o alcaide Antonio Lomba.

A Guarda participou por terceira vez no Certame de valoración do programa Vilas en Flor, organizado pola Fundación Juana de Vega, a Asociación de Viveristas do Noroeste (Asvinor) e a Asociación Galega de Empresas de Xardinería (Agaexar) e que recoñece o labor na xestión de zonas verdes dos concellos galegos de menos de 40.000 habitantes.

Nesta edición 2021 celebrada en Allariz, A Guarda obtivo o galardón de Tres Flores de Honra, que foi recollido pola Concelleira de Medio ambiente, Montserrat Magallanes e o Concelleiro de Vías e Obras, Miguel Ángel Español. O alcaide da Guarda, Antonio Lomba, recoñeceu igualmente o labor das entidades implicadas neste certame.

Visitas guiadas na Guarda

O Concello da Guarda e o Padroado Municipal do Monte Santa Trega ofrecen visitas guiadas durante a Ponte da Constitución.

Castro Santa Trega: Visita de 60 minutos á zona escavada do Barrio Mergelina e ás vivendas reconstruídas. A Cultura Castrexa poderá coñecerse en detalle os

días sábado 4, domingo 5, martes 7 e mércores 8, previa inscrición no MASAT (Museo Arqueolóxico) no tel. 690 01 70 38 ou en masat@aguarda.es.

Percorrido histórico polas prazas urbanas: visitarase as principais prazas e rúas amosando a súa historia, detallando os diferentes usos e nomes empregados

no pasado e destacando os monumentos máis importantes. As visitas comezarán ás 18:30h na Praza do Reló os días sábado 4, domingo 5, luns 6 e martes 7. Durarán de 60 minutos e hai que anotarse en aguarda.oficina.turismo@gmail.com / turismo@aguarda.es ou na Oficina de Turismo (986 61 45 46)



A Deputación outorga máis dun millón € a Tomiño para obra municipal

A Deputación de Pontevedra vén de confirmar unha subvención de 1.108.423,05 € ao Concello do Tomiño dentro do Plan REACPON, para a construción do edificio “Espazo Isaura Gómez”, que albergará a futura biblioteca municipal e outras dependencias de carácter cultural e administrativo.

O “Espazo Isaura Gómez”, situado en pleno núcleo urbano do Seixo, foi deseñado polo Estudio “XL arquitectos” e ten un orzamento xeral que rolda os 2 millóns de euros, polo que o Concello terá que



Infografía da futura Biblioteca Municipal.

facер fronte ao proxecto tamén con fondos propios. A obra atópase actual-

mente en estado de licitación.

Este edificio acollerá unha biblioteca municipal, da que actualmente carece o municipio; a ampliación, centralización, modernización e dixitalización do arquivo municipal; a centralización de determinados servizos que ofrece o Concello nun só edificio para aforrar custos de mantemento e xestión como a Aula Cemit. No deseño deste proxecto, segundo comentou a alcaldesa Sandra González, contouse coa participación de multitude de colectivos sociais e veciñais.

Oia homenaxea a Carmen Álvarez no seu 102 aniversario



Carmen Álvarez, ao centro, coa alcaldesa Cristina Correa (detrás á esquerda)

Carmen Álvarez Pérez, veciña da parroquia de Burgueira, cumpriu 102 anos a mediados de novembro, sendo a segunda muller máis lonxeva de todo o municipio. Conta actualmente con 6 netos e 8 bisnetos. A centenaria foi felicitada persoalmente pola alcaldesa, Cristina Correa, e a tenente de Alcalde, Carmen María Estévez.

O BNG oponse ao parque eólico na Serra da Groba

O BNG amosou a súa oposición o proxecto eólico Albariño I polo seu impacto ambiental e patrimonial “crítico” na serra da Groba, presentando alegacións diante da Xunta de Galicia para esixir que se denegue a autorización administrativa para a instalación neste espazo natural dun parque

que afectaría aos concellos de Baiona, Gondomar, Tomiño e Oia.

Unha representación institucional e orgánica do BNG dos concellos do Val Miñor concentrouse no Alto da Groba para demandar a paralización do proxecto. Subliñaron catro puntos fundamentais que deben cumprir estes pro-

xectos eólicos: un modelo sustentábel que protexa os recursos de Galiza, con participación pública nos beneficios dos recursos enerxéticos, vencellados a proxectos industriais que permitan crear emprego e riqueza e unha tarifa eléctrica galega que permita rebaixar a factura da luz.

A Deputación dota de iluminación IDAE ao Rosal

As rúas Xulio Sesto e Fornelos e a estrada da Loureza, no concello do Rosal, locen un novo aspecto tras ser renovados 46 puntos de luz a través dunha achega do IDAE que foi xestionada pola Deputación de Pontevedra. O deputado de Cooperación, Santos Héc-

tor, achegouse ao municipio para coñecer de preto esta actuación, que contou cun orzamento de 23.700 euros e supón un aforro enerxético do 70%. Nesta visita tamén participaron a alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, e o concelleiro de Vías e Obras, Germán Fernández.

As axudas están encadradas dentro do Programa Operativo de Crecemento Sostible (POCS) para o período 2014-2020. Neste marco estanse a rematar dous lotes de obras de mellora da eficiencia enerxética das iluminacións públicas das Neves, Poio, A Illa de Arousa, Silleda e Moaña.

Decembro de decoración floral en Oia

O Centro Cultural de Santa María de Oia acollerá, durante o mes de decembro, un obradoiro de decoración floral de Nadal. A actividade é gratuítas e está organizada pola asociación Fibromiño e conta coa colaboración do Concello de Oia.



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

PONTEVEDRA

PNO! entrega os premios da IV Edición de "As imaxes do patrimonio"

O Auditorio do Centro Veciñal e Cultural de Valadares en Vigo acolleu o acto de entrega de premios do 4º Certame "As imaxes do patrimonio" Inmaterial Galego-Portugués, coincidindo co Día Internacional do Patrimonio que se celebra cada 16 de novembro.

O evento, conducido por alumnado das propias escolas participantes e amenizado pola emisora anfitroia, Radio Piratona, permitiu presentar a/os gañadores das modalidades de "Estampas da memoria"; os premios de podcasts, a categoría especial do Xurado así como a presentación do libro dixital "Memoria e patrimonio".



Deputación apoia a candidatura de Ponte...nas Ondas! á UNESCO

A Deputación de Pontevedra celebrou este 16 de novembro o Día Internacional do Patrimonio Mundial coa posta en valor da candidatura da Asociación Ponte... nas Ondas! ao Rexistro de Boas Prácticas do Patrimonio Cultural Inmaterial da Unesco.

Así, a presidenta provincial Carmela Silva referendou o apoio absoluto da administración provincial a esta candidatura internacional presentada por España e Portugal e que se decidirá a finais do vindeiro ano 2022, recibindo a Santiago Veloso, representante de Ponte nas Ondas Galicia, Mª Jesús Álvarez, de



Santiago Veloso (segundo pola dereita) xunto á presidenta Carmela Silva.

Ponte nas Ondas Galicia, e Xerardo Feijoo, xornalista de Ponte nas Ondas Portugal.

"Este é un proxecto de país – destacou Silva – e un modelo de boas prácticas para todo o mun-

do". Silva tamén informou o apoio institucional á iniciativa de Ponte...nas Ondas! de desenvolver unha Gala do Patrimonio no 2022, así como ao labor promocional da difusión da candidatura.

O Miño, protagonista da 'I Mesa Transnacional De Valorización Do Patrimonio Cultural Inmaterial'

O territorio do río Miño foi o anfitrión da 'I Mesa Transnacional De Valorización Do Patrimonio Cultural Inmaterial' que conta con presenza de localidades galegas, portuguesas, españolas e francesas. O encontro reuniu aos nove socios do proxecto europeo Interreg Sudoe Livhes, no que está presente o AECT Rio

Minho, e pretende falar da cultura como elemento de desenvolvemento local co obxectivo principal de crear unha Guía de valorización do patrimonio cultural inmaterial (PCI).

Neste proxecto, que durará ata a primavera de 2023, participan como socios o Pôle Métropolitain Pays de Béarn (FR), Diputación de Teruel, Diputa-

ción de Burgos (ES), Fundació Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ES), Municipio de Barcelos (PT), Universidad Pública de Navarra (ES), Institut Occitan de Cultura (FR), Communauté de Communes Pyrénées Haut Garonnaises (FR), e o Agrupamento Europeo de Cooperación Territorial do Rio Minho (PT-ES).

Somos Ribadumia: "o alcalde falsea datos ante do Defensor do Pobo"

O voceiro da agrupación Somos Ribadumia, Enrique Oubiña, informou da recepción da sexta comunicación por parte do Defensor do Pobo relativa a unha queixa desta formación o 1 de novembro de 2020 polo bloqueo efectuado polo alcalde David Castro no relativo ao acceso ao rexistro municipal.

Oubiña cualificou de "prácticas dilatorias do alcalde" ao non

responder ás cinco respostas anteriores ante o Defensor do Pobo, e de "falseamento de declaración" ao concluír que "o goberno local díxolle ao Defensor do Pobo que nos había respondido a nosa solicitude vía decreto, un ano despois de facela, pero é que isto non é certo". Tamén acusou ao rexedor de bloquear o acceso á sede electrónica do Concello para evitar a comprobación do requerimento.

Para máis información visiten www.novasdeturonio.com

Zona Franca e UVigo entregaron os premios Galileo e Copernicus

Dous proxectos da Universidade de Vigo foro elixidos mediante votación, como gañadores do Galileo Master e o Copernicus Master Galicia 2021. A directora xeral de Zona Franca, Inés González; e o reitor da UVigo, Manuel Reigosa, entregaron os diplomas como representantes das entidades organizadoras.

O gañador do Galileo Master

foi o proxecto Adagio, iniciativa sobre un tipo de satélite miniaturizado empregado para a investigación e aplicación espaciais nunha órbita terrestre baixa. O outro premiado foi Saint James Caminito, que conseguiu o Copernicus Master, enfocado ao gran dinamizador do turismo galego: o Camiño de Santiago. Ámbolos dous proxectos naceron no seo da UVigo SpaceLab.

VI edición das Conferencias Internacionais José Saramago

Do 10 ao 14 de decembro, a Universidade de Vigo e Universidade Lusófona de Humanidades e Tecnoloxías de Lisboa organizarán de xeito virtual e presencial VI Conferencia Internacional José Saramago baixo o tema "Levantados do Chão / "Não sou pessimista;

o mundo é que é péssimo".

Este novo encontro saramaguiano reunirá máis de 20 especialistas e contará tamén coa participación directa de alumnado das dúas universidades organizadoras. O evento poderá seguirse online a través da Canle Directo 1 do portal da UVigoTV.

"Violencia Zero" chega ao Culturalgal

Artista Ana Gesto realizou unha performance sobre a violencia de xénero, "Acción e variacións para Do de peito, na feira Culturalgal no marco do programa "Mulleres en Acción. Violencia Zero" que impulsa a Deputación de Pontevedra.

Neste programa desenvolveuse 135 accións en toda a

provincia que permitiron visibilizar a 140 creadoras comprometidas coa igualdade a través de distintas disciplinas artísticas. Propostas que chegaron a un total de 49 concellos, dúas de asociacións e ata 25 centros educativos. "Violencia Zero" continuará en marzo de 2022 con dúas performances, en Caldas de Reis e Moaña.

Zona Franca de Vigo pon en marcha un plan estratéxico para impulsar a economía da provincia de Pontevedra

O proxecto do Consorcio contará cun proceso participativo con diversas entidades público-privadas e axentes de cada comarca para coñecer a súa realidade

O Consorcio Zona Franca de Vigo puxo en marcha un plan estratéxico sobre a provincia de Pontevedra co obxectivo de impulsar a economía provincial e ofrecer novas oportunidades ao emprego.

Con esta máxima de partida, o estudo realizará unha análise que permitirá establecer os mecanismos e a folla de ruta para a toma de decisións, que marcarán a mellora da competitividade e impulsar actividades que xeren un impacto positivo no crecemento económico, a xeración de emprego e a sustentabilidade a longo prazo.

O delegado do Estado, David Regades, precisou que “todo este proceso terá a súa propia folla de ruta para que non quede nun documento, senón que as propostas poidan converterse en realidade”. Neste sentido explicou que “Zona Franca xa adxudicou a unha consultora de solvencia, como Auren, este traballo, que xa está en marcha e pronto teremos os primeiros resultados”.

O plan analizará as comarcas de Vigo, Val Miñor, O Morrazo, Pontevedra, Baixo Miño, Arousa-Salnés, Deza, O Condado, Caldas, Tabeirós-Terra de Montes e A Paradanta. Deste xeito, o proxecto contará coa participación dos 61 concellos da provincia de Pontevedra.

Ten varias fases e comezará cun diagnóstico estratéxico con toda a información e datos obxectivos de cada comarca. Non só analizaranse a economía, o tecido empresarial e a situación social, demográfica, tecnolóxica ou ambiental, senón tamén a repercusión da crise do Covid.

A información sintetizarase nunha matriz DAFO, cun informe final que incluíra cada sector, áreas económicas e o futuro potencial que teñen os concellos

implicados e a súa repercusión no desenvolvemento económico na súa área.

Zona Franca buscou un proceso participativo, coa visión dos expertos para compilar opinións, percepcións e ideas de axentes e entidades público-privadas relevantes sobre a situación actual e os retos futuros. Tamén se estudarán casos de éxito, modelos similares no mundo, para traer eses exemplos e que poidan ser inspiradores.

Con todo iso farase un plan operativo coas actuacións e instrumentos que se deben implementar, coas accións xerais para os municipios e a súa área de influencia. Finalmente poñeranse sobre a mesa as propostas de colaboración, instrumentos ou axudas públicas que se poden poñer en marcha para desenvolver todas as ideas, que serán tamén no ámbito público-privado.

Entre as accións que se poñerán



Regades despois de firmar cō alcalde da Guarda e as alcaidesas de Tomiño e o Rosal en Viveros O Toxal.

Estudaranse casos de éxito, modelos similares no mundo, para traer eses exemplos e que poidan ser inspiradores

en marcha está unha batería de indicadores para avaliar as accións emprendidas e tomar medidas concretas. Xunto a todo iso haberá

un comité de seguimento desde Zona Franca, onde estará persoal dos concellos, para a supervisión dos traballos.

Unha oportunidade para os municipios

As alcaidesas e alcaldes da provincia de Pontevedra cos que Zona Franca xa asinou o protocolo para realizar este plan estratéxico ven unha oportunidade para os seus municipios, as comarcas e, especialmente, para a provincia.

Rexedoras e rexedores consideran que para a realización deste plan é fundamental o apoio, a colaboración e cooperación de Zona Franca e do seu delegado, para que este proxecto chegue a bo porto. Tamén afirman estar moi ilusionados coa firma deste protocolo e coa implicación de Zona Franca, xa que facilitan a visión dun futuro máis próspero para toda a provincia.

A confianza depositada no Consorcio é outro dos piares que fomentaron a participación dos concellos. Moitos dos primeiros edís que xa asinaron a súa participación ven esta unión como unha ferramenta que facilitará a creación de novos postos de traballo e que servirá para levar adiante proxectos que actualmente demanda o tecido comercial e empresarial das diversas comarcas.



O Delegado do Estado, David Regades, cos tres alcaides do Val Miñor.

Un nutrido grupo de 16 mulleres, autoras e editoras galegas xunto á presidenta da Deputación de Pontevedra Carmela Silva e á presidenta da asociación “Clásicas y Modernas”, Fátima Anllo, asinaron o “Manifesto de Soutomaior”, para loitar contra a desigualdade no mundo literario.

O manifesto toma como exemplo o modelo do manifesto “Seneca Falls” do século XIX, inclúe a denuncia das diferentes situacións de desigualdade no mundo da escrita e propón todo un Plan de Acción. O documento será remitido de forma inmediata á Xunta de Galicia, aos grupos parlamentarios e á Fegamp para que o faga chegar aos concellos galegos, así como ao sector da cultura para que sexa asinado por todas as mulleres creadoras nos diferentes eidos e os homes que se

Manifesto de Soutomaior contra a desigualdade no mundo literario



queiran sumar.

O “Manifesto de Soutomaior” foi subscrito polas escritoras Edurne Baines, Isabel Blanco, Mariana Carballal, Silvia Cernadas, Leticia Costas, Mercedes Corbillón, Ana Figueiredo, Inma López Silva,

Esperanza Mara, Silvia Penas, Aratnza Portabales, Elvira Ribeiro e Regina Vega, amais de Carmela Silva, Fátima Anllo e Victoria Alonso.

As mulleres asinantes fan referencia a que soamente 6 mulleres

ocupan unha das 30 cadeiras da Real Academia Galega, que en toda a historia da Real Academia Española soamente 11 mulleres foron académicas ou que só 6 mulleres foron homenaxeadas no Día das Letras Galegas fronte a

56 homes. Tamén manifestan que as autoras obteñen menos premios que os homes, que existe unha ausencia case total de mulleres críticas literarias que ocupan espazos relevantes de opinión e que moi poucas chegan a postos de dirección e liderado nas grandes editoriais galegas ou en organismos públicos culturais.

Anunciaron tamén a creación dun Observatorio para o seguimento das reclamacións e avaliación das medidas, e a posta en marcha dun novo encontro no próximo mes de xaneiro para definir pautas de traballo e un calendario de reunións trimestrais. Tamén se confirmou a organización dunha ambiciosa acción coa Asociación Clásicas e Modernas para a posta en valor da figura de María Vinyals e o que significa no ámbito de lexitimación das mulleres da cultura.

O Apalpador estará en 45 concellos da provincia

A Deputación de Pontevedra vai levar este ano o Apalpador, a tradicional figura propia do Nadal galego, a todos os concellos da provincia que o solicitaron, un total de 45.

O Apalpador, o seu compañeiro acordeonista, Servando Barreiro, e o seu burro Río Lor, visitarán as vilas entre o 20 de decembro e o 4 de xaneiro.

No sur da provincia estará en Salceda de Caselas, O Porriño, Pazos de Borbén, e Fornelos de Montes na área de Vigo; Oia, Gondomar, Nigrán e Baiona no Val Miño; A Cañiza, Covelo, Salvaterra de Miño, As Neves, Ponteareas, Mondariz, Mondariz-Balneario no Condado-Paradanta; e A Guarda, Tomiño, e Tui no Baixo Miño.



Mellora na mobilidade peonil escolar da EP-3102 en Tomiño

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra aprobou o expediente para contratar as obras de mellora da mobilidade peonil en 400 metros do Camiño Escolar da EP3102 ao CEP Pedro Caselles en Tomiño.

A obra ten un orzamento de 286.235 euros, dos que a Deputación achegará o 70% (200.364€) e o Concello de Tomiño o 30% (85.870€) a través dun convenio.

Gracias

50
Pompas Fúnebres
del Condado
desde 1964

TANATORIO

Arbo

TANATORIO

Ponteareas